



BASES

XXII DESCENSO DO ANLLÓNS

SAN XOÁN 2019

Co obxecto de recuperar o protagonismo que o Río Anllóns ten na celebración das Festas de San Xoán e ofertar actividades que combinen o carácter lúdico co participativo, a Asociación Cultural San Xoán, Comisión organizadora destas Festas, convoca o XXII Descenso do Anllóns, no que poderán participar todos aqueles equipos que cumpran as seguintes bases:

PRIMEIRA.- Poderán concorrer os equipos compostos por tres ou máis membros que se inscriban na **Biblioteca Rego da Balsa** antes do **día 19 de xuño de 2019**. Coa inscrición cada equipo deberá entregar unha declaración na que farán constar que coñecen o percorrido, que aceptan as bases deste concurso, que cumprarán coas normas de seguridade que se establezan e que eximen de responsabilidades á organización polos accidentes ou danos que puideran ocasionar ou que puideran sufrir os membros da embarcación. Os menores de idade entregarán tamén unha declaración asinada polo pai, nai, titor, autorizándoos a participar. Estes impresos facilitaránse coa inscrición. Os menores de 6 anos non poderán participar no descenso. Os menores con idades comprendidas entre 6 e 10 anos deberán ir acompañados por un adulto cada catro nenos.

SEGUNDA.- As embarcacións deberán estar construídas artesanalmente e poderán ser propulsadas por calquera medio (remo, pedais, etc.), exceptuando a propulsión mecánica a motor. Recoméndase que as/os participantes leven os pés e o corpo cuberto co fin de evitar rozaduras e dispoñan de prendas secas para cambiarse ao final do percorrido.

Durante o percorrido os membros da embarcación manterán unha conduta respectuosa co río e co seu contorno e procurarán non causarlle ningún dano preservando o medio natural. Non poderán deixar restos da embarcación no río. No caso de que algunha parte desta se desprenda os participantes serán responsables da súa retirada da canle do río e das súas inmediacións.

As embarcacións deberán ser construídas expresamente para a dita proba e non poderán ser empregadas para a navegación noutras ocasións sen cumprir co Protocolo de Desinfeccións de Embarcacións.

TERCEIRA.- As/os participantes deberán percorrer o tramo do Río Anllóns comprendido entre o inicio do **Bosque do Añón (Ponte de Bértoa) e o Parque do Anllóns**. No circuíto haberá varias metas voantes e os participantes deberán efectuar varias probas de habilidade.

O Descenso farase o día **25 de xuño**

As embarcacións deberán estar na Ponte de Bértoa para a súa valoración e recollida de dorsais ás 17.00 h

A saída realizarase a partir das 18.00 h.

ORGANIZA: COMISIÓN DE FESTAS SAN XOÁN 2019 // COLABORA: CONCELLO DE CARBALLO

CUARTA.- É obrigatorio que, como mínimo, a metade dos membros de cada embarcación permanezan sobre ela durante todo o percorrido. De ser imprescindible para salvar algún obstáculo determinado, permitirase o descenso de todos os membros só durante trinta segundos. O xurado poderá decidir se o incumprimento dá lugar ou non a algunha penalización ou descualificación.

QUINTA.- Haberá dúas metas. Na primeira, no inicio do Parque do San Martiño, puntuarase a velocidade da embarcación, e na segunda, no Parque do Anllóns, a súa orixinalidade e a simpatía da tripulación. Para a valoración da embarcación e da tripulación teranse en conta tamén, aínda que de forma secundaria, o seu estado ao inicio do percorrido. As embarcacións que non alcancen a segunda meta nun tempo máximo de 90 minutos, poderán ser descualificadas, se o xurado así o considera oportuno.

SEXTA.- As **25 primeiras embarcacións inscritas** que finalicen o percorrido no tempo establecido, recibirán unha **gratificación** por un importe de **40 €**.

SÉTIMA.- O xurado estará composto por membros da Comisión de Festas ou persoas designadas por esta.

OITAVA.- As embarcacións que cheguen á meta optan aos seguintes premios que se sinalan a continuación, e poderá o xurado deixar deserto algún deles se o estima oportuno:

1º Premio á embarcación máis orixinal: 300 €

e vale de 150 € patrocinado por DEPORTES SAN REMO

2º Premio á embarcación máis orixinal: 200 €

premio patrocinado por CASTRO PARGA

3º Premio á embarcación máis orixinal: 125 €

1º Premio á tripulación máis simpática: 200 € e sorteo entre os seus tripulantes dun bono de 2 clases de pádel para 4 persoas valorado en 80 €, patrocinado por 3D3 PADEL

2º Premio á tripulación máis simpática: 100 €

Premio ás probas de habilidade: 100 €

premio patrocinado por FERRETERÍA ARÁN

Premio á embarcación máis veloz: 100 €

premio patrocinado por CASA FRANCISCO

O xurado poderá outorgar accésits por un valor de 250 €

Ademais todos os participantes recibirán unha entrada para un partido de pádel, patrocinado por 3D3 PADEL

NOVENA.- A entrega das gratificacións e dos premios de participación nesta convocatoria realizarase con posterioridade á celebración do descenso.

DÉCIMA.- A participación nesta convocatoria supón a plena aceptación destas bases.

INSCRICIÓN ATA O 19 DE XUÑO
BIBLIOTECA REGO DA Balsa
de luns a venres de 10.30 a 20.30 h
sábados de 10.00 a 13.00 h

GRATIFICACIÓN 40 €

para as 25 primeiras
embarcacións inscritas

2.375 €
EN PREMIOS E
GRATIFICACIÓN